



# **R ábrelles ás empresas unha plataforma dixital de formación**

**\_As empresas poderán compartir cos seus empregados contidos formativos de utilidade tanto motivacionais como tecnolóxicos**

**\_Grazas á súa alianza coa empresa tecnolóxica Fit Learning o operador galego lanza esta solución práctica a través de vídeos curtos**

**\_Ciberseguridade, recomendacións para teletraballar, Office 365, regulamento de Protección de Datos, sensibilización en igualdade de xénero, hábitos de vida saudable... son algunhas das temáticas da plataforma**

**\_Esta plataforma na nube permite seguir adiante cos plans de formación dende calquera espazo e dispositivo, fixo ou móbil**

**\_Esta aposta pola formación na empresa resulta de grande utilidade nesta época de crise sanitaria, pero está deseñada para ser unha ferramenta permanente na vida das organizacións**

**Martes, 9 de xuño de 2020.- R** acaba de pór en marcha unha plataforma para que as empresas poidan manter os plans de formación para os seus empregados, ferramenta que resulta especialmente útil na situación actual, en que a maior parte das compañías galegas adoptaron o teletraballo como forma de manter os seus servizos durante a crise. Os empregados conéctanse dende os seus domicilios e as plataformas na nube permiten seguir adiante co traballo dende calquera espazo e dispositivo.

Co obxectivo de manter a **actividade formativa** dentro das empresas, á vez que se posibilita o **teletraballo** dunha forma efectiva, **R** vén de poñer en marcha unha iniciativa de *e-learning* que resolve as necesidades das empresas na súa estratexia de formación e permítelles aos empregados acceder a contidos tecnolóxicos e de

desenvolvemento persoal atendendo ás súas necesidades e ao tempo do que dispoñen cada día, dende calquera dispositivo, fixo ou móbil.

Para iso, o operador galego alcanzou un acordo coa empresa tecnolóxica **Fit Learning**. Grazas a esta alianza, construíron unha solución moi práctica na que, mediante vídeos curtos, impártense contidos de utilidade, non soamente para esta época de crise, senón para calquera momento do ano.

Con esta plataforma as empresas e os seus equipos poden elixir os contidos que mellor se adapten ás súas necesidades, acordos ás das compañías nestes momentos e que abarcan temáticas moi variadas. Ciberseguridade, recomendacións para teletraballar, Office 365, Microsoft Teams, novidades Windows 10, One Note 365, regulamento de Protección de Datos, sensibilización en igualdade de xénero, hábitos de vida saudable, negociación, motivación... son só algunhas das temáticas que **R** lles ofrece ás súas empresas clientes mediante esta plataforma dixital.

Para as persoas empregadas existen numerosas utilidades dentro desta plataforma, como a posibilidade de organizar un calendario, facer seguimento da súa actividade, analizar graficamente a evolución da súa aprendizaxe, almacenar documentos e mesmo recibir diplomas que acrediten a formación recibida.

### **Labor de escoita e acompañamento ás empresas**

Esta iniciativa de **R** Empresa nace de escoitar as necesidades das organizacións clientes, que nestes momentos requiren ofrecerlles aos seus equipos unha actualización dos seus coñecementos e un acompañamento en formato remoto e dunha forma segura. A resposta por parte das empresas foi moi positiva, como queda reflectido nas altas valoracións das compañías usuarias que participaron nunha primeira convocatoria gratuíta composta por 4 contidos destacados e de interese nesta situación de crise sanitaria: *Teams, 10 consellos que debes coñecer, Reunións eficaces a través de videoconferencia, Ferramentas motivacionais e Como vender a través de ferramentas dixitais*. A elección destes temas adecuouse á situación actual de teletraballo incluíndo pímulas en habelencias tanto a nivel tecnolóxico como de desenvolvemento persoal, que poden ser accesibles para calquera perfil das compañías.

Ademais destas unidades formativas, **R** puxo en marcha unha serie de *webinars* (charlas telemáticas) que trasladarán a formato dixital os encontros tecnolóxicos que desenvolve habitualmente nas súas instalacións, de forma presencial, con empresas de diferentes sectores para analizar temas de actualidade como *Teletraballo, a nova realidade empresarial, SAP HANA, Multicloud*, Ciberseguridade ou Servitización entre outros. Desta forma, os denominados “Almorzos Tecnolóxicos” viaxarán á nube para manter esta acción, moi valorada polas organizacións.

David del Campo, director corporativo de Marketing Empresas do Grupo Euskaltel, ao que **R** pertence, explica que *“estas accións son unha mostra do noso compromiso por acompañar dunha forma próxima ás empresas na súa aposta pola transformación dixital. Máis agora, cando a alarma sanitaria fíxonos acudir ao teletraballo como alternativa real para manter a actividade empresarial. O noso reto é tamén contribuír e axudarlles ás empresas a afrontar esta situación e a saír reforzadas desta crise”*.

Para Guillermo Gredilla, CEO de FIT Learning, *“estamos ante unha nova revolución tecnolóxica e dixital. A aprendizaxe é cada vez máis, unha necesidade á que todas e todos necesitamos acceder en tempo real. O vídeo e os dispositivos móbiles cambiaron os nosos*

*hábitos de comunicación e formación. Con esta iniciativa conxunta con R -e o Grupo Euskaltel-, queremos facer chegar un modelo de formación atractivo para todas as persoas, accesible e de fácil consumo, para que poidan formarse mesmo dende o seu móbil. Porque a formación non ten por que ser aburrida”.*

**Fit Learning** é unha iniciativa empresarial especializada en educación, marketing, negocios, tecnoloxía e deseño que constrúe novos modelos tecnolóxicos para o desenvolvemento do talento e crea os mellores contidos dixitais de formación. FIT é Formación, é Innovación, é Tecnoloxía.

**comunicación R**  
[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)  
[R.gal](http://R.gal)